



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

CIF: G-36.630.259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.

Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758

secretaria@fedgalmon.gal — fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

CIRCULAR: 28/2023, 60 ANIVERSARIO DA FGM (1963-2023) DIRIXIDA A TODOS OS CLUBS GALEGOS E PERSOAS FEDERADAS, REXISTRADOS/AS NA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO.

Estimados montañeiros/as teño o pracer de comunicarvos que tal día como hoxe, hai 60 anos, creouse a Federación Galega de Montañismo (FGM), tras unha reunión que comezou ás 20.30 h.

Polo que hoxe, 23 de outubro de 2023, a actual Xunta Directiva da FGM reúne, para entre outros aspectos ler o manifesto do 60 aniversario desta FGM, realizado por Antonio Fernández (Cholo). Manifesto que se enviará con esta circular a todos os clubs rexistrados na FGM.

Dicirvos que a partir de mañá dende a FGM se enviará a todos os clubs rexistrados nesta federación un sobre con este manifesto, una bandeira e banderíns deste aniversario. Esta bandeira ou banderíns nos gustaría que puidédeses utilizalos nalgunha saída/actividade que realicades dende o voso club ou por persoas asociadas aos vosos clubs, entre o 24 de outubro e o 23 de novembro de 2023. Agradeceríamos implicar a todos os clubs galegos e ao máximo de persoas federadas, para que lean este manifesto nunha das actividades que realicen, neste período, e nos fagan chegar fotos coas bandeiras ou banderíns que vos enviamos. Tamén podedes enviar algún vídeo coa lectura do manifesto. Co obxectivo de celebrar este aniversario entre toda a gran familia do montañismo galego, estes vídeos/fotos iríanse publicando nas redes sociais desta FGM, **dende o 24 de outubro ata o 30 de novembro.**

Estas fotografías/vídeo as enviariades ao seguinte correo electrónico: comunicacion@fedgalmon.gal.

Tamén vos adianto que este ano organizarase una Gala, para celebrar este aniversario e entregar diferentes premiacións, una vez sexa aprobado o Regulamento de distinción/premiacións da FGM, que se levará á Comisión Delegada e a asemblea da FGM, para a súa aprobación. Da cal se vos irá informando.

“¡¡Compartamos coas nosas amizades a Montaña e o Montañismo!!

Defendamos as montañas limpas e salvaxes. Longa vida ó Montañismo, os/as montañeiros/as e aos montañeses e montañesas. Feliz Aniversario.” Antonio Fernández (Cholo).

Agradecendo de antemán toda a vosa colaboración!!

Recibide un afectuoso saúdo.

Vigo, a 23 de outubro de 2023

A presidenta da FGM